

BOLETÍN 1 – TEMA 2

1. Verdadeiro ou falso. Corrixe as falsas

- Os ósos xogan un papel moi relevante na distribución de minerais no corpo.
- Os osteoclastos son as células do tecido óseo encargadas da remodelación ósea.
- A escápula é un exemplo de óso irregular.
- A función do líquido sinovial é a de evitar rozamento entre ósos nas articulacións.
- A porción máis longa dun óso denomínase epífise.
- A osificación endocondral implica a formación de óso a partir de cartilaxe.
- A función dos ligamentos é permitir a inserción dos músculos nos ósos.
- O crecemento dos ósos cesa ao osificarse completamente a cartilaxe articular.


2. Cal é a diferenza máis notable entre o cranio dunha persoa que acaba de nacer e unha adulta?

3. Que función teñen os discos intervertebrais?

4. O número 1 e 2 desta articulación corresponden a...?

5. Nun óso longo, a metáfise é... (pode haber máis dunha resposta correcta)?

- a) A parte ubicada no centro da diáfise.
- b) A membrana externa da diáfise.
- c) O lugar onde se produce o crecemento en lonxitude.
- d) O lugar entre a diáfise e a epífise.
- e) O lugar onde está a medula ósea amarela.



6. Cal destes tipos de óso NON está emparellado co exemplo correcto?

- a) Longo – úmero.
- b) Curto – clavícula.
- c) Plano – escápula.
- d) Irregular – vértebras.

7. Cal destas afirmacións non é certa con respecto aos ósos?

- a) Osteoblastos: producen a matriz ósea.
- b) Osteocitos: son os osteoclastos que quedan rodeados de matriz.
- c) Osteoclastos: rompen e destrúen o óso.
- d) Osteocitos: están conectados entre si por sistemas de Havers ou as súas ramificacións.
- e) Osteocitos: atópanse en lagoas na matriz ósea.

8. Que son os condutos calcóforos? A que tipo de célula os asocias?

9. Debuxa un óso longo e representa nel a dirección das osteonas e as localizacións do tecido óseo compacto e esponxoso.

10. Onde ocorre a hematopoesese?

11. Nomea tres movementos que un corpo humano non pode facer, pero que si podería facer se non tivese ligamentos?

12. Que dúas substancias se almacenan nos ósos? Cales son as súas funcións?
13. Escolle catro ósos, di o seu tipo e explica por que lle asignaches ese tipo e non outro.
14. Escolle seis movementos e explica que articulación entra en xogo en cada caso.
15. O tecido óseo esponxoso...
 - a) Non ten osteocitos.
 - b) Atópase na diáfise dos ósos longos.
 - c) Componse de trabéculas.
 - d) Non contén medula ósea.
 - e) Aparecen na capa externa da maioría de ósos que non son longos.
16. Menciona dúas semellanzas e unha diferenza entre endósteeo e periósteeo.
17. Representa graficamente, paso a paso, o proceso de osificación endocondral.